



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Migración e retorno na historia urbana de Galicia	Código	615472105	
Titulación	Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	journals.cambridge.org/fulltext_content/supplementary/UHY/supp1			
Descrición xeral	<p>Obxectivos do curso</p> <ol style="list-style-type: none">1.- Analizar as transformacións históricas de Galicia que explican os grandes movementos migratorios cara a América nos séculos XIX e XX.2.- Estudar o impacto dos procesos de migración e retorno sobre a propia Galicia<ol style="list-style-type: none">a.- As transformacións do mundo ruralb.- O crecemento das cidadesc.- Os movementos sociais e as transformacións políticas.3.- Abordar algunhas metodoloxías e técnicas cualitativas de especial interese para a análise destes procesos.<ol style="list-style-type: none">a.- Historia oral: a utilización de documentos personais.b.- Historia visual: fotografía e cinec.- Historia urbana: a cidade como texto			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Profundidade na análise dos movementos migratorios asociados á historia e á situación actual de Galicia, como orixe e como destino
A6	Dominar as principais fontes de documentación estatística e bibliográfica que lle permita manterse informado e iniciar e programar estudos exploratorios sobre temáticas relacionadas coas migracións internacionais
A7	Coñecer as virtudes e as limitacións das principais fontes e indicadores estatísticos para a descrición dos movementos migratorios en distintos contextos territoriais e na súa evolución temporal
A8	Comprender o potencial das distintas técnicas de investigación social para o estudo das migracións internacionais así como os condicionamentos deontolóxicos profesionais.
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B12	Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito social
B13	Capacidade para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, que doten dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións
B15	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade, razoamento crítico e de comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas
C1	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
Identificar as grandes forzas que organizan os fenómenos migratorios a escala global en especial no caso das habidas entre Galicia e América	AM4	BM1 BM12	CM1 CM5	
Analizar a complexidade de motivacións e estratexias que guían as actuacións das persoas na escala familiar e local	AM4	BM1 BM3 BM12 BM13		
Asimilar algunhas metodoloxías e técnicas cualitativas como a Historia oral, a Historia visual, e a Historia urbana	AM6 AM7 AM8	BM1 BM12 BM13 BM15		
Xestionar as fontes de información primarias e secundarias e analizar os seus datos	AM6 AM7			
Desenvolver as habilidades de traballo individual e en equipo	AM8	BM1 BM3 BM12		

Contidos

Temas	Subtemas
1.- A emigración cara a América: os factores de atracción.	1.1.- A formación dun mercado mundial 1.2.- A construción política de Latinoamérica 1.3.- Capitalismo, leis de inmigración e mercado de traballo
2.- Galicia: os factores de expulsión.	2.1.- As mudanzas no mundo rural galego. 2.1.1.- Os condicionantes do marco estatal español: legais, políticos... 2.1.2.- Os condicionantes do mapa político europeo 2.2.- A emigración como proceso dinamizador da Galicia rural 2.2.1.- Historias de migración e retorno 2.2.2.- Terra Cha de Lugo.
3.- Historias migratorias.	3.1.- Metodoloxías e técnicas: historia oral e historias de vida, xenealoxías e documentos personais 3.2.- Historias de migración e retorno: 3.2.1.- Terra Cha de Lugo. 3.2.2.- A Galicia Atlántica
4.- Cara a unha historia urbana de Galicia	4.1.- O papel das cidades nos procesos migratorios 4.2.- O impacto dos retornos. 4.3.- Os lugares da memoria 4.4.- Recorridos urbanos

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A4 A6 A7 A8 B1 B3 B12 B13 B15 C1 C5	0	27	27
Atención personalizada		48	0	48

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Traballo sobre caso práctico

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Titorías específicas en todas as modalidades, e previamente concretadas cos estudantes no presenciais.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A4 A6 A7 A8 B1 B3 B12 B13 B15 C1 C5	Traballo de investigación por escrito	100

Observacións avaliación

Os alumnos non presenciais poderán participar nos debates mediante os foros de moodle e enviar os seus traballos escritos por email. En caso de ter que realizar unha segunda opción de avaliación poderían porse de acordo co profesor para repetir os traballos ou ben realizar o exame de modo oral por videoconferencia.

Fontes de información

Bibliografía básica	Cardesin, José M ^a : ?A heteroxeneidade da reprodución social nunha sociedade estratificada: a Galicia rural do S.XIX?, en F. Rodríguez Iglesias (dir.): Proxecto Galicia. Antropoloxía, vol. XXVI, A Coruña, Hércules, 1999, p. 396-437. Castro, Demetrio, 1995, ?Cosecha de emigrantes?, El Mundo, 1995, p. 14-15. Vázquez, Alejandro, 2008, ?Unha visión xeral da emigración galega contemporánea a América e a Europa?, en X.M. Cid et Alii, Migracións na Galicia contemporánea, Santiago de Compostela, Sotelo Branco, p. 17-48.
Bibliografía complementaria	Allegue, Gonzalo, 1992, Galegos, as mans de América, Vigo, Nigra. Barnett, Miguel, 2008, Galego, Xunta de Galicia. Davis, Mike, (2001) 2006, ?Prefacio?, en Los holocaustos de la Era Victoriana tardía. El Niño, las hambrunas y la formación del Tercer Mundo, Universidad de Valencia, p. 13-28. Eiras, Antonio y Rey, Ofelia, 1992, ?La emigración gallega a las Américas en los siglos XIX y XX. Aproximación cuantitativa?, en Los Gallegos y América, Madrid, Mapfre, p. 214-266. Iturra, Raul, 1998, "A oralidade e a escritura na construción do social", Estudios Migratorios, nº 6, p. 57-68. Núñez Seixas, Xosé Manuel, 1998, Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia, 1900-1930, Vigo, Xerais. Villares, Ramón, 2006, Galicia siglo XX, A Coruña, La Voz de Galicia

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías